



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago ten en Salgueiriños un dos seus mercados tradicionais onde cada xoves se dan cita centos de veciños e veciñas atraídos pola oferta de variados produtos que se dispoñen nos máis de dous centos de postos que cada semana se asentan na ampla explanada situada entre as rúas de Melide e Manuel María.

O lugar sufriu hai anos unha profunda transformación coa reordenación da superficie, a normalización na asignación de postos e o peche do recinto para adaptalo ás demandas e necesidades tanto das persoas que acoden a vender os seus produtos como para as que alí se dirixen para facer as súas compras.

A pesar diso, son frecuentes as queixas tanto das persoas visitantes como das vendedoras pola falta de control, tanto en materia de seguridade como na vixilancia e control dos permisos e das mercadorías de quen se dedica á venda neste ámbito. Nas visitas que temos realizado fomos informados da frecuente presenza de carteiristas e do asentamento de persoas que ofrecen mercadorías sen as preceptivas autorizacións, que supoñen unha competencia ilegal.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

*Que o Goberno local dea as instrucións precisas aos servizos correspondentes para intensificar os labores de control e vixilancia, en orde a garantir a seguridade das persoas e a legalidade da actividade mercantil, no recinto do mercado que semanalmente se celebra na explanada de Salgueiriños.*

Santiago de Compostela, a 7 de outubro de 2016.

  
María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela